



**EXMO. CONCELLO
DE
BAIONA**
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BAIONA

CELEBRADA O DIA 6 DE OUTUBRO DE 2016

ALCALDE-PRESIDENTE: D. ANGEL MANUEL RODAL ALMUÍÑA

CONCELLEIROS:
Dña. MARÍA IGLESIAS FERNÁNDEZ
Dña. ANA SIMÓNS SÁNCHEZ
Dña. MARÍA JESÚS MARTINS PASSOS
D. POLICARPO VILAR MISA
D. JOSE ANGEL BAHAMONDE RODRÍGUEZ
D. RAUL COSTAS LAFUENTE
Dña BEATRIZ GONZÁLEZ PÉREZ
Dña. M. DEL CARMEN PAREDES CABRAL

D. RAFAEL LORES ROSAL
D. CARLOS GÓMEZ PRADO
Dña VIRGINIA SANTOS CABRERA
Dña LAURA MIGUEZ PÉREZ

D. IAGO PEREIRA MOREDA

D. SILVANO MONTES SÁNCHEZ
Dña AROA DOMÍNGUEZ PARDIÑAS

NON ASISTIU: D. XOSE MANUEL MARCOTE GIL (BNG)

SECRETARÍA MUNICIPAL: Dña. SUSANA GALLARDO FARIÑA

INTERVENTORA MUNICIPAL: Dña. ROSA MARIA DEL RIEGO SANTOS

Na Casa Consistorial de Baiona, a seis de outubro de dous mil dezaseis, sendo as doce horas reúnense os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión, procedéndose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN DE ACTA ANTERIOR.

- **Acta da sesión ordinaria de data 1 de setembro de 2016.**

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha observación que facer á devandita acta.

O Sr. Iago Pereira toma a palabra para manifestar a seguinte observación, respecto a intervención do Sr. Marcote Gil, páxina 17 da acta de forma que, en lugar de << de desgotar>> se dixo << desbotar>>

Acto seguido sométese a votación a acta coa corrección sinalada, sendo aprobada por unanimidade dos presentes.

Non producíndose máis intervencións, fican aprobadas por unanimidade as devanditas actas.

Dáse conta dun erro no sistema informático de grabación do pleno.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

O Sr. Alcalde da conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o último Pleno ordinario cuxa relación foi entregada ós/as concelleiros.

3.- DACION DE CONTA DOS REPAROS DO ANO 2015.

A Presidencia cede a palabra a concelleira María Iglesias quen da conta proposta ditaminada favorablemente polo Comisión informativa:

PROPIUESTA DE ALCALDÍA

El artículo 218 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, en la redacción dada al mismo por la Ley 27/2013 de 27 diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local señala:

"1. El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice.

Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria. El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.

2. Sin perjuicio de lo anterior, cuando existan discrepancias, el Presidente de la Entidad Local podrá elevar su resolución al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.

3. El órgano interventor remitirá anualmente al Tribunal de Cuentas todas las resoluciones y acuerdos adoptados por el Presidente de la Entidad Local y por el Pleno de la Corporación contrarios a los reparos formulados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. A la citada documentación deberá acompañar, en su caso, los informes justificativos presentados por la Corporación local."

Por parte de esta Presidencia se señala que los reparos resueltos por Resoluciones de Alcaldía corresponden en su gran mayoría a la realización de servicios extraordinarios fuera de la jornada, y que vienen motivados por la necesidad de atender las demandas vecinales y de incremento de población que sufre nuestra ciudad como consecuencia de la afluencia de visitantes. Teniendo en cuenta que por las limitaciones de las sucesivas leyes de presupuestos generales del Estado no se puede llevar a cabo la contratación de personal, lo que ha motivado la realización de más horas extras por parte del personal municipal.

Del resto de reparos cuya resolución corresponde a la Alcaldía, se produjeron nueve por omisión de requisitos o trámites esenciales, cuatro de los cuales se referían a aprobación de facturas del servicio de cultura o actuaciones en la Arribada que se consideraban necesarias para la organización de los eventos, y a funciones de índole social, como la asistencia a mujeres víctimas de violencia de género o el pago del segundo cuidador del comedor escolar, motivo por el cual fueron resueltos por esta Alcaldía

En consecuencia en cumplimiento del citado mandato legal esta Alcaldía, **ACUERDA:**

Dar cuenta al Pleno de la relación de reparos a la legalidad suscritos por Intervención en el ejercicio 2015. Haciendo constar que con fecha 15/04/2016 ya se remitieron telemáticamente al Tribunal de Cuentas el 22/04/2016, registro TELE201692

4.- APROBACIÓN, SE PROcede, DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA ORGANIZACIÓN DE CURSOS, ACTIVIDADES DEPORTIVAS, SOCIAIS E CULTURAIS.

A Presidencia cede a palabra a **SRA.IGLESIAS, PP,** que da conta da proposta que literalmente dí:

PROPOSTA DE ALCALDIA

Sendo necesario aprobar unha ordenanza reguladora do prezo público esixido pola prestación de cursos o actividades sociais, deportivas o culturais, co gallo de adaptarlas á actividade que se realice en cada caso concreto, e posto que a Ordenanza actualmente vixente, a número 3 pola prestación de cursos o actividades sociais, vense limitada pola fixación do prezos públicos na mesma, de maneira que en moitos casos non se cubre o custo do servizo, como así esixe o artigo 44 do Texto Refundido la Lei reguladora das Facendas Locais

Visto o expediente tramitado polo servizo de Intervención e de conformidade co sinalado nos artigos 41 a 47 do Texto Refundido la Lei reguladora das Facendas Locais, elevase a Pleno, previo ditame da Comisión informativa, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar a ordenanza reguladora do prezo público esixido pola organización de cursos, obradoiros, programas e actividades deportivas,sociais, festivas e culturais polo Concello de Baiona, coa seguinte redacción:

"Artigo 1º.- Fundamento e contido

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ámbolos dous do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido la Lei reguladora das Facendas Locais, no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida a este Concello, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, e dentro das competencias recoñecidas ós Concellos, artigos 4 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime Local.

Artigo 2º.- Concepto

Terán a consideración de prezos públicos as contraprestacións pecuniarias que se satisfagan pola prestación de servizos ou a realización de actividades culturais, cursos, obradoiros, programas e actividades deportivas, sociais e festivas competencia do Concello, sempre que non concorran ningunha das circunstancias específicas no artigo 20.1 b) do TRLRFL.

Artigo 3º.- Obrigados ao pago

Estará obrigado ao pagamento dos prezos públicos quen se beneficie dos servizos ou actividades polos que deban satisfacerse aqueles.

Artigo 4º.- Contía e bonificacións

A contía do prezo público deberá cubrir como mínimo o custo da actividade realizada.

De conformidade co previsto no apartado 2º do artigo 44 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as tarifas que determine para cada caso a Xunta de Goberno Local, quedarán bonificadas nos seguintes casos:

- 20% para o segundo irmáns e 40% para o terceiro e sucesivos irmáns.
- 20% para o solicitante que durante a realización da actividade figuren incluídos no programa de Educación familiar.

As bonificacións previstas neste artigo non son acumulables.

Os interesados en obter ditas bonificacións deberán aportar á solicitude de inscrición a documentación acreditativa da concordancia das situación e circunstancias expresadas no apartado anterior e que consistirá na seguinte:

- Para o segundo e demais irmáns: fotocopia compulsada do Libro de familia.
- Para os os solicitante incluídos no programa de Educación familiar: informe da educadora familiar do Concello.

Artigo 5º.- Xestión e cobro

O Concello poderá esixir os prezos públicos en réxime de autoliquidación.

Non obstante, os prezos públicos poderán establecer a esixencia de depósito previo do importe total ou parcial, que deberá realizarse no momento de solicitar a prestación do servizo ou a realización da actividade. Nestes casos, a realización do depósito constituirase en requisito inescusuable para que se inicie a actividade administrativa dirixida a prestar o servizo ou realizar a actividade.

Únicamente se considerará anulada unha inscrición ou matrícula e polo tanto procederá á devolución do prezo público:

- a) Por anulación do curso, obradoiro, programa ou actividade por causa imputable á Administración.
- b) Cando o interesado notifique por escrito ao Concello a anulación da súa inscrición con anterioridade ao remate do prazo establecido para a inscrición na correspondente actividade no acordo de aprobación da mesma.

Artigo 6º.- Modalidades de cobro

As modalidades recoñecidas para o cobro serán as seguintes:

1. Por ingreso directo
 - a) Mediante a obtención de boletos, entradas, tickets e formas análogas
 - b) Mediante carta de pago acreditativa de ter ingresado o importe fixado pola Xunta de Goberno Local nas entidades colaboradoras que así se determinen
- 2.- Por recibo: Cando se trate de servizos ou actividades de devengo periódico, unha vez aboada a autoliquidación correspondente á primeira cota, aboaranse os sucesivos de acordo co seguinte procedemento: Confeccionaranse as correspondentes listas cobratorias pola área de Xestión tributaria ou entidade coa que se concerte este servizo sobre a base do informe do responsable da actividade no que se fará constar a identificación da actividade que se trata, nome, apelidos e NIF do participante ou, no caso de menores, do pai/nai ou representante legal obrigado ao pago; importe da cota con copia do acordo da Xunta de Goberno Local que a estableza e a relación das altas, baixas ou variacións que se produzan en cada período de devengo. O cobro efectuarase dentro dos quince primeiros días de cada período, establecéndose como norma xeral a domiciliación bancaria
3. As débedas por cotas devengadas e non satisfeitas nos prazos establecidos recadaránse conforme os procedementos xerais do Regulamento Xeral de Recadación e disposicións concordantes.

Artigo 7º.- Fixación

1. O establecemento ou a modificación dos prezos públicos corresponderá ao Pleno da Corporación, sen prexuízo das facultades de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude do establecido no artigo 47.1 do TRLRFL e no artigo 23.2 b) da Lei 7/1985. Deste senso, delégase na Xunta de Goberno Local a fixación da tarifa aplicable en cada caso.

2. O establecemento dos prezos públicos requirirá a aprobación de:
 - a) Obxecto e obrigado ao pago.
 - b) Base de cálculo da cantidade que hai que pagar e tipo máximo aplicable, cando se fixe por unha porcentaxe. Nos demais casos, expresaranse os elementos e factores que determinen a contía máxima da débeda.
 - c) Se é o caso, destino ou fin concreto que vaia darse ao produto da percepción. En xeral, e se non se determina outra cousa, non terán carácter finalista, destinándose ao financiamento do orzamento municipal.
 - d) Fixación pola Xunta de Goberno Local, da determinación da tarifa que hai que pagar e demais elementos determinantes da obriga e da forma de xestión do prezo público.
 - e) Publicación no BOP do importe e concepto do prezo público acordado

Artigo 8º.- Lexislación aplicable

Para o non previsto nesta Ordenanza nin nos acordos de establecemento e fixación dos prezos públicos, estarase ao disposto no TRLRFL, na Lei Xeral Tributaria, no Regulamento xeral de recadación e demás normativa aplicable.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor e será de aplicación a partir do día seguinte a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia manténdose en vigor en tanto non sexa derogada ou modificada expresamente."

Segundo.- Derigar a ordenanza nº 3 reguladora do prezo público esixido pola prestación de servizos e actividades dependentes da concellería de asuntos sociais, benestar e da igualdade, por non ser xa necesaria

Terceiro.- Ordenar a publicación do presente acordo no BOP, a efectos del cumprimento do trámite de exposición pública"

Toma a palabra o **SR. RAFAEL LORES**.- En primeiro lugar o voceiro do grupo municipal PSOE felicita ao PP pola victoria nas eleccións autonómicas. Respecto o punto da orde do día o Sr. Lores manifesta que dende o punto de vista técnico non ten obxeccións pero políticamente considera que a Ordenanza implica unha actividade recaudatoria do Concello posto que todas as actividades que teñan poveito para os usuarios deben ser cobradas pero, por exemplo, na carreira pedestre de gran tradición na nosa vila, o incremento do prezo motivou unha menor concorrenza de asistentes. E por isto que entende que ao igual que a festa da terceira idade que non se cobra, se estenda esta exención a outras. Polo que anuncia que o PSOE vai abstenerse na votación.

O **SR. IAGO PEREIRA** manifesta a abstención do grupo municipal do BNG polos mesmos motivos que sinalou o grupo municipal do PSOE posto que entende que a propia Ordenanza require dunha revisión polos grupos municipais e que a determinadas actividades non se lle exixa o pago.

O **SR. SILVANO MONTES** manifesta que o seu grupo municipal e que conforme a liña de actuación do seu grupo ao non participar vaise a abstención.

A voceira **MARIA IGLESIAS** manifesta que o feito non é que se cobre por todo senón que o que se cobre teña un fundamento legal e sinala que hai moitas actividades gratuitas en verano e os prezos que se cobran polos servizos do pavillón son moi baixos.

O Sr. Alcalde somete a votación o presente punto, resultando: 9 votos a favor, PP; abstencións: 7 (4,PSOE; 1,BNG; 2, EU-SON).

Polo cal, o Pleno do Concello, por maioría absoluta, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a ordenanza reguladora do prezo público esixido pola organización de cursos, obradoiros, programas e actividades deportivas,sociais, festivas e culturais polo Concello de Baiona, coa seguinte redacción:

"Artigo 1º.- Fundamento e contido

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ámbolos dous do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido la Lei reguladora das Facendas Locais, no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida a este Concello, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, e dentro das competencias recoñecidas ós Concellos, artigos 4 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime Local.

Artigo 2º.- Concepto

Terán a consideración de prezos públicos as contraprestacións pecuniarias que se satisfagan pola prestación de servizos ou a realización de actividades culturais, cursos, obradoiros, programas e actividades deportivas, sociais e festivas competencia do Concello, sempre que non concorran ningunha das circunstancias específicas no artigo 20.1 b) do TRLRFL.

Artigo 3º.- Obrigados ao pago

Estará obrigado ao pagamento dos prezos públicos quen se beneficie dos servizos ou actividades polos que deban satisfacerse aqueles.

Artigo 4º.- Contía e bonificacións

A contía do prezo público deberá cubrir como mínimo o custo da actividade realizada.

De conformidade co previsto no apartado 2º do artigo 44 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as tarifas que determine para cada caso a Xunta de Goberno Local, quedarán bonificadas nos seguintes casos:

- 20% para o segundo irmáns e 40% para o terceiro e sucesivos irmáns.
- 20% para o solicitante que durante a realización da actividade figuren incluídos no programa de Educación familiar.

As bonificacións previstas neste artigo non son acumulables.

Os interesados en obter ditas bonificacións deberán aportar á solicitude de inscrición a documentación acreditativa da concorrenza das situación e circunstancias expresadas no apartado anterior e que consistirá na seguinte:

- Para o segundo e demais irmáns: fotocopia compulsada do Libro de familia.
- Para os os solicitante incluídos no programa de Educación familiar: informe da educadora familiar do Concello.

Artigo 5º.- Xestión e cobro

O Concello poderá esixir os prezos públicos en réxime de autoliquidación.

Non obstante, os prezos públicos poderán establecer a esixencia de depósito previo do importe total ou parcial, que deberá realizarse no momento de solicitar a prestación do servizo ou a realización da actividade. Nestes casos, a realización do depósito constituirase en requisito inescusable para que se inicie a actividade administrativa dirixida a prestar o servizo ou realizar a actividade.

Unicamente se considerará anulada unha inscrición ou matrícula e polo tanto procederáse á devolución do prezo público:

- c) Por anulación do curso, obradoiro, programa ou actividade por causa imputable á Administración.
- d) Cando o interesado notifique por escrito ao Concello a anulación da súa inscrición con anterioridade ao remate do prazo establecido para a inscrición na correspondente actividade no acordo de aprobación da mesma.

Artigo 6º.- Modalidades de cobro

As modalidades recoñecidas para o cobro serán as seguintes:

1. Por ingreso directo
 - c) Mediante a obtención de boletos, entradas, tickets e formas análogas
 - d) Mediante carta de pago acreditativa de ter ingresado o importe fixado pola Xunta de Goberno Local nas entidades colaboradoras que así se determinen

2.- Por recibo: Cando se trate de servizos ou actividades de devengo periódico, unha vez aboada a autoliquidación correspondente á primeira cota, aboaranse os sucesivos de acordo co seguinte procedemento: Confeccionaranse as correspondentes listas cobratorias pola área de Xestión tributaria ou entidade coa que se concerte este servizo sobre a base do informe do responsable da actividade no que se fará constar a identificación da actividade que se trata, nome, apelidos e NIF do participante ou, no caso de menores, do pai/nai ou representante legal obrigado ao pago; importe da cota con copia do acordo da Xunta de Goberno Local que a estableza e a relación das altas, baixas ou variacións que se produzan en cada período de devengo. O cobro efectuarase dentro dos quince primeiros días de cada período, establecéndose como norma xeral a domiciliación bancaria

3. As débedas por cotas devengadas e non satisfeitas nos prazos establecidos recadaránse conforme os procedementos xerais do Regulamento Xeral de Recadación e disposicións concordantes.

Artigo 7º.- Fixación

1. O establecemento ou a modificación dos prezos públicos corresponderá ao Pleno da Corporación, sen prexuízo das facultades de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude do establecido no artigo 47.1 do TRLRFL e no artigo 23.2 b) da Lei 7/1985. Deste senso, delégase na Xunta de Goberno Local a fixación da tarifa aplicable en cada caso.

2. O establecemento dos prezos públicos requirirá a aprobación de:
 - f) Obxecto e obrigado ao pago.
 - g) Base de cálculo da cantidade que hai que pagar e tipo máximo aplicable, cando se fixe por unha porcentaxe. Nos demais casos, expresaránse os elementos e factores que determinen a contía máxima da débeda.
 - h) Se é o caso, destino ou fin concreto que vaía darse ao produto da percepción. En xeral, e se non se determina outra cousa, non terán carácter finalista, destinándose ao financiamento do orzamento municipal.
 - i) Fixación pola Xunta de Goberno Local, da determinación da tarifa que hai que pagar e demais elementos determinantes da obriga e da forma de xestión do prezo público.
 - j) Publicación no BOP do importe e concepto do prezo público acordado

Artigo 8º.- Lexislación aplicable

Para o non previsto nesta Ordenanza nin nos acordos de establecemento e fixación dos prezos públicos, estarase ao disposto no TRLRFL, na Lei Xeral Tributaria, no Regulamento xeral de recadación e demais normativa aplicable.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor e será de aplicación a partir do día seguinte a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia manténdose en vigor en tanto non sexa derogada ou modificada expresamente.”

Segundo.- Derigar a ordenanza nº 3 reguladora do prezo publico esixido pola prestación de servizos e actividades dependentes da concellería de asuntos sociais, benestar e da igualdade, por non ser xa necesaria

Terceiro.- Ordenar a publicación do presente acordo no BOP, a efectos del cumprimento do trámite de exposición pública”

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI.

A Presidencia cede a palabra a **SRA.IGLESIAS, PP**, quen da conta da seguinte proposta informada favorablemente pola Comisión de Asuntos de Pleno:

PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACION DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI DO CONCELLO DE BAIONA

Resultando que o artigo 25 da A lei 7/85, do 2 de abril, atribúe os municipios a competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, en materia de mobilidade. Neste senso a Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia publicada no DOG de data 14 de xuño de 2013 determina que as licenzas de taxi serán outorgadas polos municipios, mediante concurso público, ao cal se poderán presentar as persoas que cumpran os requisitos para ser titulares de licenzas de taxi.

Resultando que o Concello de Baiona, consonte o disposto na disposición adicional segunda da Lei 4/2013, en sesión plenaria de data 05. 06.2014 prestou aprobación definitiva a Ordenanza reguladora do servizo de taxi do Concello de Baiona e publicado no BOP de Pontevedra 28/08/2014.

Resultando que en data 21 de novembro publicase no BOE o Real Decreto 1055/2015, do 20 de noviembre, polo que se modifica o Regulamento Xeral de de Conductores, aprobado por Real Decreto 818/2009, de 8 de mayo que ten por obxecto a incorporación ao ordenamento xurídico da Directiva 2006/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre o permiso de conducción en aras de garantir a liberdade de movemento aos conductores da UE.

Resultando que o devandito real decreto procédease a supresión da exixencia do carnet BTP que o artigo 4.2. f) do Regulamento de circulación que disponía o seguinte << El permiso de conducción de la clase BTP, que sólo tiene validez dentro del territorio nacional, autoriza para conducir vehículos prioritarios cuando circulen en servicio urgente, vehículos que realicen transporte escolar cuando transporten escolares y vehículos destinados al transporte público de viajeros en servicio de tal naturaleza, todos ellos con una masa máxima autorizada no superior a 3500 kg, y cuyo número de asientos, incluido el del conductor, no excede de nueve. La edad mínima para obtenerlo será de dieciocho años cumplidos>> De forma que para a conducción de vehículo de transporte lixeiro será suficiente o permiso de conducción clase B.

E por isto polo que procede a modificación da Ordenanza dos artigos 3 e 33 substituindo a referencia ao carnet BTP como requisito para ser titular da licenza de taxi polo permiso de clase B nos propoñendo a seguinte **modificación**

ARTIGO 3 "REQUISITOS PARA SER TITULAR DE LA LICENCIA"

El titular de la licencia de taxi ha de cumplir los siguientes requisitos:

(...)

f) Disponer de la capacitación profesional para prestar servicios de taxi: carnet de conducir clase B

ARTIGO 33 DOCUMENTACIÓN OBLIGATORIA

Durante la prestación del servicio los conductores deberán ir provistos de la siguiente documentación:

b) Permiso de conducción de la clase B>>

E por isto polo que se eleva ao Pleno da Corporación, previo informe da Comisión Informativa de Asuntos de pleno:

PRIMEIRO.- Modificar os artigos 3 e 33 da Ordenanza reguladora do servizo de Taxi do Concello De Baiona substituindo a referencia ao carnet Btp como requisito para ser titular da licenza de taxi polo permiso de clase B resultando a seguinte redacción

ARTIGO 3 "REQUISITOS PARA SER TITULAR DE LA LICENCIA"

El titular de la licencia de taxi ha de cumplir los siguientes requisitos:

(...)

f) Disponer de la capacitación profesional para prestar servicios de taxi: carnet de conducir clase B

ARTIGO 33 DOCUMENTACIÓN OBLIGATORIA

Durante la prestación del servicio los conductores deberán ir provistos de la siguiente documentación:

b) Permiso de conducción de la clase B>>

SEGUNDO.- Someter o expediente a un prazo de exposición pública polo prazo de 30 días contados a partir do día da inserción do anuncio no BOP de Pontevedra e páxina web.

O SR Rafael Lores manifesta que vai a votar a favor. No mesmo senso se pronuncia o S. Iago Pereira e o Sr. Silvano Montes.

O Sr. Alcalde somete a votación o presente punto, resultando aprobado por unanimidade dos presentes.

Polo cal, o Pleno do Concello, por unanimidade, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Modificar os artigos 3 e 33 da Ordenanza reguladora do servizo de Taxi do Concello de Baiona substituindo a referencia ao carnet BtP como requisito para ser titular da licenza de taxi polo permiso de clase B resultando a seguinte redacción

ARTIGO 3 "REQUISITOS PARA SER TITULAR DE LA LICENCIA

El titular de la licencia de taxi ha de cumplir los siguientes requisitos:

(...)

f) Disponer de la capacitación profesional para prestar servicios de taxi: carnet de conducir clase B

ARTIGO 33 DOCUMENTACIÓN OBLIGATORIA

Durante la prestación del servicio los conductores deberán ir provistos de la siguiente documentación:

b) Permiso de conducción de la clase B>>

SEGUNDO.- Someter o expediente a un prazo de exposición pública polo prazo de 30 días contados a partir do día da inserción do anuncio no BOP de Pontevedra e páxina web.

Neste intre entra en funcionamento o sistema de grabación de plenos.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE BAIONA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O DESENVELOVEMENTO DO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS NO ÁMBITO DO PLAN GALEGO DE REHABILITACIÓN, ALUGUER E MELLORA DO ACCESO Á VIVENDA 2015-2010.

A Presidencia cede a palabra a **SRA.PAREDES, PP**, quen procede á lectura da seguinte Proposta da Alcaldía:

"Visto o Convenio de Colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do programa de vivendas baleiras no ámbito do Plan Galego de Rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, remitido pola Consellería de Infraestructuras e Vivenda, propónse:

PRIMEIRO.- A adhesión do Concello de Baiona ao Convenio de Colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do programa de vivendas baleiras no ámbito do Plan Galego de Rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020.

SEGUNDO.- Remitir este acordo ao Instituto Galego de Vivenda e Solo e á Federación Galega de Municipios e Provincias e á Consellería de Infraestructuras e Vivenda."

SR.LORES, PSOE.- En principio nós entendemos que esta é unha iniciativa importante por parte da FEGAMP, que trata de equilibrar por un lado a bolsa que temos de vivendas baleiras e por outro lado favorecer o acceso á vivenda ás familias con menos recursos; polo tanto nós en principio celebramos esta adhesión do Concello de Baiona a este convenio, e logo despois o que si temos é que definir claramente cal vai a ser o regulamento de funcionamiento deste Convenio. Polo tanto, en principio nós estamos totalmente a favor desta adhesión, e logo sí que haberá que delimitar exactamente qué familias van a ter acceso, e en qué condicións. Parécenos unha boa iniciativa e imos a votar a favor.

SR.PEREIRA, BNG.- O que se plantexa aquí é adherirse ou non a este convenio, entón evidentemente nós imos absternos e vamos a explicar a abstención.

A política de vivenda do BNG é diferente á que aquí se plantexa; e intentar unha creación dun parque público de vivendas en aluguer ou autoestionadas, e creemos que a principal labor que debía estar realizando o Concello de Baiona, como levámos nós no noso programa, é desenvolver a parcela dos Tendais tanto no PERI III do Burgo, a través dunha cesión do solo á Xunta de Galicia, ou ben mediante un concurso para a sua autoxestión.

Despois de regalar millóns de euros as arcas públicas aos bancos agora temos que acudir a "parcheos" como entendemos nós que é este convenio. Evidentemente menos da unha pedra. Por iso nós nos vamos a abstener.

Recordar que básicamente o convenio subvenciona ao arrendador e non ao arrendatario; discrepamos ahí un pouco da exposición do PSOE; creemos que aquí a quien se axuda é ao arrendador, non ás familias máis necesitadas; e recordando que a vivenda non é un producto, é un dereito recoñecido na propia Constitución no seu artigo 47.

Con todo entendemos que o máis importante non é asinar este convenio, que pode quedar moi bonito, senón que se lle dea e se poña a funcionar o propio convenio en sí; e as vivendas en aluguer en Baiona podan aumentar; é unha das necesidades que ten sobre todo a nosa xuventude.

Tamén entendemos que non está moi ben definido; según leímos o convenio nós entendemos que a subvención pode ser o mesmo para un estudio de 30 m² que para unha casa de 120 m²; entendemos que fai bastante auga, aquí no Concello de

Baiona non é o momento para discutílo, evidentemente, pero por todas estas razóns nos non podemos votar a favor. Vamos a abstemos.

SR.MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.- Nosotros vamos a votar a favor pero sí quisieramos hacer un par de consideraciones al tema. En primer lugar estamos contentos de que se haga pero lamentamos que se haya tardado; quiero recordar que sobre el mes de abril, entre abril y mayo, se presentaron en bastantes Concellos de Galicia mociones por el grupo del PP para que los Concellos se adhirieran a ese convenio; aquí a lo mejor nos lo hemos pensado más y pensamos que no vamos a llegar tarde porque siempre se llega a tiempo, pero bueno, sorprende que se haya tardado un poquitín en llevar esto a cabo.

Otra cosa que nos preocupa es el propio enfoque del convenio; si vamos al procedimiento para la incorporación del citado programa de viviendas baleiras resulta que nos dice que "van a entrar as vivendas baleiras que existindo no seu ámbito municipal sexan da sua titularidade". Entiendo que el Concello de Baiona no tiene ninguna vivienda como titular; no lo sé porque no tengo datos; en su día nuestro grupo había pedido un inventario de los bienes inmuebles, que seguimos sin tener, con lo cual desconozco si tenemos viviendas en propiedad ó no, supongo que no, con lo cual realmente las únicas viviendas que van a poderse inscribir en este registro de viviendas baleiras van a ser las de particulares. Aquí nos entra una duda; estamos en un municipio que un alquiler de 300 euros/mes en principio no parece que sea muy llamativo y que sea muy goloso para el propietario poner esas viviendas en este registro. Pero entendemos que hay otra parte que en el propio convenio no se especifica, sí que se especifica en el Decreto, en el cual indica cómo hay que registrar las viviendas; hay un tipo de viviendas baleiras que son las que corresponden a las entidades financieras que aunque aquí en el convenio no se citan sí que tienen que estar registradas de hecho; el plazo obligatorio para registro acabó el 26 de septiembre, con lo cual ya que estamos a favor de que se firme el convenio pues de alguna manera primero tratar de enterarse de cuantas viviendas de este tipo, de entidades financieras, se han registrado en el municipio de Baiona; y segundo, pues a través de la FEGAMP ó a través del IGAPE, que se puedan incluir esas viviendas en la bolsa, porque entendemos que es la única manera de que podamos tener alguna vivienda, porque de particulares desgraciadamente alguna habrá que se adscriba, pero quizás los menos.

SRA.PAREDES, PP.- Estamos intentando levar a cabo con Servizos Sociais xestionar o protocolo de incorporación que garante sobre todo os dereitos do arrendatario e as garantías ao arrendador da vivenda. Efectivamente sí que estamos intentando ver a posibilidade noutras vivendas de carácter dos bancos e demás; pero vai levar o seu tempo. Comentar ademáis que si me consta por informes de Servizos Sociais que nestes momentos en Baiona existen persoas usuarias de Servizos Sociais que están manexando esas contas de aluguer e o que vai garantir tanto é, para un lado como para o outro, a permanencia deses alugueros que ao mellor están nun momento no que non existe unha garantía legal por detrás.

SR.LORES, PSOE.- Entendemos que posiblemente, como dí o BNG, non sexa a solución do acceso á vivenda e que a vivenda evidentemente é un derecho; pero tamén entendemos que hai que dar pasos que vaian facilitando ese acceso á vivenda e éste parécenos un paso importante. Decía o BNG que protexe más ao propietario que ao arrendador; bueno; eu creo que as duas partes teñen que ter certa seguridade e ten que ser atractivo para as duas partes, senón nunca conseguiríamos dar unha oferta de calidade numerosa en Baiona. O aluguer de 300 euros ó mes como máximo nunha vivenda en Baiona parécenos en principio bastante accesible, independentemente de ahí todo para abajo é algo que haberá que regular; o que sí é importante é como Baiona vai desenrolar este convenio; ahí sí que temos que adaptálo e por negro sobre blanco; iso sí que é importante. En principio a nós parécenos ben esta adhesión e polo tanto vamos a votar a favor.

SR.PEREIRA, BNG.- Insisto, para o BNG é irrenunciable unha vivenda digna e entendemos que neste convenio non se garanta que as persoas más necesitadas podan acceder a ela; entendemos que ten que haber outra solución e evidentemente ésta non é a mellor; ¿é a menos mala?: quizás; por iso insisto en que nós nos abstemos; non estamos en contra.

SR.ALCALDE.- Creo que al final todos tenemos el mismo criterio, quizás no es la solución idónea ni definitiva pero sí es un gran paso, Sr.Montes. Nosotros, usted lo ha dicho, nosotros no seguimos a veces los criterios que marca el PP ó que marquen otros partidos; lo hemos pensado, lo hemos meditado; creo que fue su partido en el último Pleno ordinario quien lo planteó y le contestamos, le contesté yo personalmente, que lo estábamos estudiando; lo digo para que vea que a veces no seguimos las líneas que dicta el partido, sea de unas siglas ó sea de otras. Lo hemos estudiado; sabemos que sí es un poquito más complicado en nuestro municipio porque es un municipio turístico 365 días al año, y a veces no se encaja en ese precio máximo de 300 euros como en otros muchos municipios que son mas rurales y entonces entendemos que para las viviendas privativas no es fácil que a lo mejor puedan llegar a ese número; todos desecharíamos que fuera lo mayor posible y entrasen en este convenio; vamos a luchar por ello. Nos gustaría que este punto fuera por unanimidad pero entendemos todas las posturas.

O Sr.Alcalde somete a votación o presente punto, resultando: 15 votos a favor (9, PP; 4,PSOE; 2, EU-SON); 1 abstención, BNG.

Polo cal, o Pleno do Concello, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- A adhesión do Concello de Baiona ao Convenio de Colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do programa de vivendas baleiras no ámbito do Plan Galego de Rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020.

SEGUNDO.- Remitir este acordo ao Instituto Galego de Vivenda e Solo e á Federación Galega de Municipios e Provincias e á Consellería de Infraestructuras e Vivenda.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2015.

A Presidencia cede a palabra a **SRA.INTERVENTORA**, quen da conta da seguinte:

PROPIUESTA DE LA ALCALDIA

El artículo 212 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2.004 de 5 de marzo señala:

- "**1.** Los estados y cuentas de la entidad local serán rendidas por su presidente antes del día 15 de mayo del ejercicio siguiente al que correspondan. Las de los organismos autónomos y sociedades mercantiles cuyo capital pertenezca íntegramente a aquélla, rendidas y propuestas inicialmente por los órganos competentes de estos, serán remitidas a la entidad local en el mismo plazo.
- 2.** La cuenta general formada por la Intervención será sometida antes del día 1 de junio a informe de la Comisión Especial de Cuentas de la entidad local, que estará constituida por miembros de los distintos grupos políticos integrantes de la corporación.
- 3.** La cuenta general con el informe de la Comisión Especial a que se refiere el apartado anterior será expuesta al público por plazo de 15 días, durante los cuales y ocho más los interesados podrán presentar reclamaciones, reparos u observaciones. Examinados éstos por la Comisión Especial y practicadas por esta cuantas comprobaciones estime necesarias, emitirá nuevo informe.
- 4.** Acompañada de los informes de la Comisión Especial y de las reclamaciones y reparos formulados, la cuenta general se someterá al Pleno de la corporación, para que, en su caso, pueda ser aprobada antes del día 1 de octubre.
- 5.** Las entidades locales rendirán al Tribunal de Cuentas la cuenta general debidamente aprobada"

En relación con lo señalado en la normativa vigente, la Cuenta General del Ayuntamiento de Baiona correspondiente al ejercicio 2015, fue sometida a informe de la Comisión Especial de Cuentas el día 23 de agosto de 2016

Con el dictamen favorable de la Comisión, fue sometida a información pública durante un plazo de 15 días y ocho más, previa publicación en el B.O.P. nº 168 de 2 de septiembre de 2016.

Durante el plazo de exposición pública no se han presentado reclamaciones a la misma, como se certifica por la Secretaría con fecha 3 de octubre de 2016

Por todo lo expuesto, elevo al Pleno, el siguiente ACUERDO:

Primero.- Aprobar la Cuenta General del Concello de Baiona correspondiente al ejercicio 2015

Segundo.- Remitir la cuenta general, junto con la documentación requerida, *en soporte informático y a través del procedimiento telemático para su rendición*, al Tribunal de Cuentas antes del 15 de octubre de 2016, de conformidad con lo previsto en el artículo 223 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2.004 de 5 de marzo.

CONTINUA.- De acuerdo con los datos obtenidos de la liquidación del ejercicio 2015 que fue aprobada por resolución de la Alcaldía de abril de 2016, el resultado de la liquidación arrojó un remante de Tesorería positivo y se cumplieron los objetivos de la Ley de Estabilidad presupuestaria en cuanto al cumplimiento de la regla de gasto y en cuanto a la obtención de una capacidad financiera.

De acuerdo con los datos obtenidos en la memoria de la Cuenta General se hace referencia a los documentos que se incluyen en la nueva instrucción de contabilidad que es aplicable desde el 1 de enero del 2015, referencia a los gastos con financiación afectada, los balances, la información sobre el coste de los servicios y demás indicadores económicos que se establecen en ese documento. Una vez aprobada por el Pleno debe remitirse al Tribunal de Cuentas a través de la aplicación telemática antes del 15 de octubre.

SR.LORES, PSOE.- Decir que ainda que non aprobamos os orzamentos e que non coincidimos na política de desenrollo deste exercicio económico como dixemos xa no momento de aprobación dos orzamentos, decir que neste punto imos abster. Entendemos que é un documento técnico onde se da conta de cómo foron os movementos; polo tanto non coincidimos coa política económica pero abstémonos no documento administrativo.

SR.PÉREIRA, BNG.- Ao documento técnico non hai ningún reparon; abstención.

SR.MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.- Nosotros nos vamos a abstener también.

SR.ALCALDE.- Me parece bien que sean coherentes con lo que votaron en la Comisión Especial de Cuentas que se informó positivamente el 23 de agosto.

O Sr.Alcalde somete a votación o presente punto, resultando: 9 votos a favor, PP; abstencions: 7 (4,PSOE; 1,BNG; 2, EU-SON).

Polo cal, o Pleno do Concello, por maioría absoluta, **ACORDA**:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Baiona correspondente ó exercicio 2015.

Segundo.- Remitir a Conta Xeral, xunto coa documentación requerida, *en soporte informático e a través do procedemento telemático para sua rendición*, ó Tribunal de Contas antes do 15 de outubro de 2016, de conformidade co previsto no artigo 223 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2.004 de 5 de marzo.

8.- MOCIÓN

Non se presentan mociones.

9.- ROGOS E PREGUNTAS

- **PREGUNTAS DO SR. MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.-**

1º.- Una pregunta técnica. En la relación de Decretos de Alcaldía al final aparece una solicitud por parte de una concejala de declaración de compatibilidad. Leyendo la Ley de incompatibilidades, en el artículo 14 (lo pregunto porque me ha chocado, supongo que la secretaría nos lo explicará bien), dice que "*El ejercicio de actividades profesionales, laborales, mercantiles o industriales fuera de las Administraciones Públicas requerirá el previo reconocimiento de compatibilidad. La resolución motivada reconociendo la compatibilidad o declarando la incompatibilidad, que se dictará en el plazo de dos meses, corresponde al Ministerio de la Presidencia, a propuesta del Subsecretario del Departamento correspondiente; al órgano competente de la Comunidad Autónoma o al Pleno de la Corporación Local, previo informe, en su caso, de los Directores de los Organismos, Entes y Empresas públicas.*" Pregunto: ¿esto es así ó no?.

SRA.SECRETARIA.- Eso es aplicable al personal al servicio de las Administraciones Públicas pero no a los cargos electos; los cargos electos se rigen por la Ley Electoral y si tienen un régimen de dedicación parcial pueden desempeñar un puesto de trabajo siempre y cuando no coincidan con el horario laboral de la dedicación, como fue el caso solicitado.

2º.- Esta pregunta la hemos hecho en casi todos los Plenos como un RUEGO; ahora la traemos como pregunta, ¿porqué no nos contesta a los escritos?.

SR.ALCALDE.- Porque cuando salgas por la puerta te vamos a entregar el informe; ahora mismo. Tu me lo entregaste personalmente el mes pasado, el Pleno pasado, y se te contestará ahora con un informe por escrito.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr.Alcalde levantou a sesión sendo as doce horas e trinta e cinco minutos do mesmo dia, de todo o cal, como Secretaria, CERTIFICO.

